

Coa nosa gratitude para coa Fundación Luís Seoane e para co seu director pola organización deste acto Edicions A Nosa Terra apresetalles o libro número 4 da colección “Mulleres”: a biografía de Carolina Otero da que é autora Marga do Val, colección que dispois de algúns intentos máis que nada no formato de investigación histórica e outras aproximacións á necesidade de facermos editorialmente unha colección sobre mulleres concretouse nesta de biografías, da que xa foron editadas as de María Casares, da xornalista de A Nosa Terra, Arancha Estévez e Maruxa Mallo da que é autora a xornalista de A Nosa Terra Carme Vidal e Sira Alonso.

Esta aproximación honesta e rigorosamente documentada ao ser humano de Carolina Otero, que habita a personaxe de a Bela Otero ao mesmo tempo que dunha prosa cálida cun fermoso idioma, e que ben podía ser a personaxe literaria dunha fermosa e dolorida narración, mas que é un ser tan real como o tempo histórico que lle tocou vivir a Carolina Otero. E a terra e as condicións sociais que tan ben fican reflectidas e que trascenden a súa existencia humana individual para nos dar fe dunha determinada época histórica acompañada dun fardel de fermosas fotos da personaxe de Bella Otero

A escritora e profesora Marga do Val, licenciada en filoloxía hispánica, galego-portugués pola Universidade de Santiago de Compostela, profesora de ensino medio de lingua e literatura galegas, exerceu a docencia como lectora de lingua e literatura galegas na universidade de Tréveris (1995-2000) e impartiu aulas na universidade de Colonia. É vicepresidenta da asociación galego alemana.

Como crítica literaria e articulista colabora en diferentes medios de prensa: *Grial*, *a Festa da palabra silenciada*, *Galicien-magazim*, *A Nosa Terra*, etc. Froito do seu labor docente e de investigación son:

*Os camiños da vida de Ramón Otero Pedrayo* (1992), unha guía de lectura con fins didácticos.

*Entrevistas con R. Dieste (compilación, notas e versión ao galego)* (1994), obra guiada polas declaracións do escritor.

*Dieste na aula* (1995), é unha presentación didáctica do escritor para traballar na aula.

Marga do Val publicou *O prognóstico da lúa*, “unha novela que se rematou coa chegada dun cometa e que falaba de viaxes alucinantes e derrotas”. Con *Paula de Lemos* escribe entre dunas, diálogo entre dúas linguas, a catro mans, diálogos entre mulleres e os seus eus. Elas, irmás, amigas, xa son dúas dunas.

A vida son caixas que se enchen e que se abren para deixar fuxir saloucos, algúns de rabia. desa rabia nacen folgos para seguir as pegadas que deixan as imaxes da Bela Otero, que desexou ser *Carolina Otero*, unha biografía que Marga do Val escribe abrindo esas caixas que gardan a memoria. Caixa aberta, caixa de música, caixa de fotos. Todas caixas de Pandora. A primeira muller. É Carolina, que naceu como Agustina morta, renace e é a trasgresión, un corpo e unha denuncia.

Para presentar este libro están con nos as profesoras Carme Fernández Pérez-Sanjulián e Pilar Pallarés.

A poeta Pilar Pallarés licenciouse en filoloxía galego-portuguesa en Santiago, na época en que a especialidade era unha subseczón de filoloxía hispánica. Dá aulas de lingua e literatura galegas nun liceu -iso que hoxe chaman IES- da Coruña.

“Descobriu-me o país e o nacionalismo Moncho Valcarce, o cura de Sésamo. Moitas persoas foron fundamentais na miña formazón, mais salientaría a Francisco Pillado, o mellor director que tivo *A Voz De Galicia* e culpábel en grande medida de que eu comezase a publicar.”

Ten a obra poética *Entre lusco e fusco*, *O libro das devoracións e Sétima soidade*, ademais da obra ensaística *Rosas na sombra*, a *Poesia de Luis Pimentel*.

A profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián é licenciada en filoloxía galego-portuguesa pola universidade de Santiago de Compostela, é profesora de literatura na universidade de a Coruña, e ten elaborada unha tese sobre don Ramón Otero Pedraio, que será proximamente defendida por ela, e publicacións de literatura didáctica como *Literatura galega: textos escollidos en colaboración con Miguel Mato Fondo*.

Entre outros ten diversa obra de ensaio como un fascículo na *Historia da literatura galega* de A Nosa Terra- As-Pg e tamén obra de crítica literaria.